

**ESTUDIOS SOBRE O XÉNERO *LEUCOCOPRINUS* Pat. NA PENÍNSULA  
IBÉRICA. I. *LEUCOCOPRINUS LILACINOGRANULOSUS* (Henn.) Locq. var.  
*SUBGLOBISPORUS* Reid.**

por  
J.B. BLANCO-DIOS \*

**Resumo**

Descríbese o taxon *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus*, primeira cita para a Península Ibérica.

Palabras clave: Agaricales, coroloxía, *Leucocoprinus*, *L. lilacinogranulosus* var. *subglobisporus*, Península Ibérica, taxonomía.

**Summary**

*Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus* is described, in this paper, like a new record in Iberian Peninsula.

Keywords: Agaricales, chorology, Iberian Peninsula, *Leucocoprinus*, *L. lilacinogranulosus* var. *subglobisporus*, taxonomy.

**INTRODUCCIÓN**

Este traballo é unha primeira contribución ó estudo e coñecemento do xénero *Leucocoprinus* Pat. na Península Ibérica. Analízase e descríbese en detalle o taxon *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus* Reid, escasamente citado en Europa e non coñecido para a Península Ibérica.

**DESCRIPCIÓN**

*Leucocoprinus lilacinogranulosus* (Henn.) Locq. var. *subglobisporus* Reid.

*Mycol. Res.* 94 (5): 420-421. 1989.

**Píleo** 12-15 mm., desde ovoidal a campanulado, levemente umbonado. Cutícula parda sobre fondo branco, prontamente dissociada en pequenas escamas (excepto no disco de cor pardusca), dispostas radialmente, máis escasas cara á marxe, que é típicamente estriada. Escamas de cor pardo, con reflexos purpúreos, que tamén amosa, aínda que en menor medida, no disco.

As *exsiccata* conservan, durante os primeiros meses, esas tonalidades purpúreas, pero dilúense co tempo ata case desaparecer.

---

\* Apdo. 1649. 36200 -Vigo (Pontevedra)

**Láminas** libres, anchas, separadas, primeiro esbrancuxadas, logo cor crema.

**Estipe** 25-27 x 0,5-1 mm. (1,5-2,5 mm na base), grisáceo e con copos encima do anel, gris con reflexos rosado-purpúreos no tercio inferior, tomentoso, ensanchándose progresivamente desde o anel cara á base, que é bulbosa e nitidamente purpúrea sobre fondo gris. Anel simple, súpero, membranoso, esbrancuxado, persistente.

Nas *exsiccata*, estes reflexos purpúreos manteñense, máis intensamente na base.

**Carne** de escaso grosor (0,5 mm.), só salientable no centro do píleo. Cor crema intensa. Cheiro desagradable. Insípida.

**Esporas** (5) 5,6-6,5 (7,35) x (3,7) 4-4,7  $\mu\text{m}$ ., Q= (1,26) 1,4-1,55 (1,7), (n=30), dende subglobosas a ovadas, hialinas en

auga, cor parda en masa, maioritariamente con poro xermolativo, dextrinoides en Melzer, metacromáticas en azul de cresilo.

**Basidios** (28) 32-40 x 8-11,5  $\mu\text{m}$ ., tetraspóricos, claviformes, con esterigmas de 2-3  $\mu\text{m}$ .

**Queilocistidios** 27-70 (75) x (9) 12-25  $\mu\text{m}$ ., escasos, claviformes, esferopedunculados ou con tendencia sublageniforme.

**Pleurocistidios** non observados.

**Pileipellis** composta por hifas septadas formadas por elementos cilíndricos ou vesiculosos; os terminais piriformes, ovóides (30-45 x 25-30  $\mu\text{m}$ .) ou cilíndricos (30-35 x 13-18  $\mu\text{m}$ .). Fíbulas non observadas.




Fig.:1. *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus* Reid (LOU-Fungi 15264). a: esporas; b: basidios; c: queilocistidios; d: pileipellis. Barra de escala: a=10  $\mu\text{m}$ .; b,c,d=20  $\mu\text{m}$ .

### Material estudiado

PONTEVEDRA: Pontevedra, 29TNG2997, en maceta con plantas ornamentais (*Dracaena marginata*, *Pilea alumi*, *Dieffenbachia picta*, *Gloechoma hederacea* 'variegata'), 28-VIII-1999, J.B. Blanco-Dios, LOU-Fungi 15264; ibidem, 3-IX-1999, LOU-Fungi 15265; ibidem, 18-IX-1999, LOU-Fungi 15266.

### Observacións

Esta especie, na súa variedade típica, é amplamente coñecida en Europa (ZUCCHERELLI & MIGLIOZZI, 1998); mentras que, na Península Ibérica, segundo a bibliografía consultada, non aparecen mencionadas ningunha das dúas variedades. Esta cita de *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus* constitúe novidade para este territorio.

Según a opinión de MIGLIOZZI (1995), *Leucocoprinus lilacinogranulosus* só pode confundirse coa rara especie *Leucocoprinus ianthinus* (Cooke) Locq., da que se diferencia especialmente a nivel macroscópico, debido ás maiores dimensións e ó píleo regularmente estriado, tanto en fresco como en *exsiccata* (característica ausente en *Leucocoprinus ianthinus*, REY & MIGLIOZZI, 1994), e está recuberto de granulacións violáceas, parduscas ou púrpura-violáceas, mentras que en *Leucocorpinus ianthinus* só o disco é violáceo.

Con respecto á *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus*, a morfoloxía esporal, segundo a descrición orixinal da variedade (REID, 1989),

se caracteriza por amosar esporas de globosas a subglobosas, de 4,5-6,0 x 4,2-5,0 µm.; aínda que no mesmo artigo, este autor cita a presenza dunha grande proporción de esporas de tipo subgloboso a oval que acadan de 6,0-6,75 x 5,0 µm. As características das nosas recoleccións en xeral coinciden axeitadamente coa descrición orixinal deste taxón.

### AGRADECEMENTOS

Ó Dr. Vincenzo Migliozi (Centro Romano di Studi Micologici) polas valiosas informacións aportadas.

### BIBLIOGRAFÍA

- MIGLIOZZI, V. (1995). Primo aggiornamento della lista delle lepiote osservate nel Lazio dall' autore e breve commento. Seconda parte descrittiva con chiave analitica del genere *Leucocoprinus* Patouillard. *Boll. Gr. Micol. Bres. (Nuova Serie)*. 38 (1-2):33-54.
- REID, D.A. (1989). Notes on some leucocoprinoid fungi from Britain. *Mycol. Res.* 94 (5). 641-670.
- REY, H. & MIGLIOZZI, V. (1994). A propos de *Leucocoprinus lilacinogranulosus* (Hennings) Locquin. *Bull. Féd. Assoc. Mycol. Medit.* 3 (6):11-16.
- ZUCCHERELLI, A. & MIGLIOZZI, V. (1998). Prima segnalazione di *Leucocoprinus lilacinogranulosus* var. *subglobisporus* per il territorio italiano. *Boll. Gr. Micol. Bres. (Nuova Serie)*. 41 (3): 197-203.